

Un incendio calcina a oficina dunha ferraxería de Vincios

Escrito por EFE

Martes, 18 Marzo 2008 07:22



Un incendio rexistrado á primeira hora de hoxe calcinou completamente a oficina dunha ferraxería na parroquia de Vincios (Gondomar) e non provocou danos persoais, informaron a Efe fontes do corpo municipal de Bombeiros de Vigo. As mesmas fontes sinalaron que o incendio comezou pasadas as 08.30 horas de hoxe .

[Ver vídeo](#)

Por causas que aínda se descoñecen, precisaron as fontes, orixinouse o incendio dentro da oficina duns 9 metros cadrados e que quedou totalmente destruída polo lume. En canto á ferraxería e ao material exposto para a venda, só resultaron danados polo intenso fume que procedía da oficina.